

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE FEBREIRO DE 2007

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

1761/06.- Andres Hermida Ameijeiras.- Reforma viv.unif. na R/ López Ferreiro.-

1143/06.- Manuel Arias Rendo.- Peche de baixo na Rúa da Estrada núm.72 para uso de garaxe e trasteiro.-

1904/06.- Uneda 2.000,S.L.- Legalización de unión de local núm.2 da planta baixa para uso comercial co local de planta soto primeiro do edificio sito na Avda. de Barcelona núm.2-4.-

1999/06.- Claudio Orois Couso.- Legaliz. das modificacións executadas na nave realizada en A Granxa, San Félix de Afora.

1554/06.-Comunidade de Propietarios do edificio sito na R/ Santiago de Chile núm.28.- Instalación de fachada ventilada na R/ Santiago de Chile núm.28.-

1889/06.- Alfonso López Bao e Outra.- Legaliz. das modificacións executadas na viv. unif. levada a cabo en Vixoi, Marrozos.-

DENEGADAS.-

167/07.- Isabel Angela Pazos Posse.- Cambio de uso de oficina en planta baixa na edificación sita na R/ Santas Mariñas núm.33 B.-

PARCELACIÓN.-

117/07.-Manuel Valdes Lema.- Parcela en Vía Isaac Peral núm.5 do Polígono Ind. do Tambre (+).

APERTURAS.-

Lap/305/06.- Gonzalo Abal Lobato.- Cervexería e café bar especial na R/ Casas Reais, 34-36.-

Lap/401/06.-Constructora San José, S.A.- Apertura de Garaxe en Rúa Amio núm.122.-

Lap/479/06.- Concello de Santiago.- Apertura de Guardería Infantil en Rúa Boisaca.-

5.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á adxudicación dunha asistencia técnica para a realización de traballos de auditoría relacionados co Regulamento 438/2001, de 2 de marzo de 2001 e coa presentación dos certificacións e declaracións de gastos do proxecto Persoa III.

Apróbase a realización da devandita asistencia técnica coa empresa AT CONSULTORES & AUDITORES, por un importe total de 8.352 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial "ARTEFACTO PRODUCCIÓN", presentado por Isabel Rey Sastre, como iniciativa local de emprego.

7.- Adxudicación das obras de saneamento de augas fecais en A GRANXA.

Adxudícanse as obras á empresa AQUAGEST, SA, por un importe de 60.025 euros.

8.- Adxudicación do servizo de control, vixilancia e limpeza do Campo de fútbol de Santa Isabel desde o 1 de marzo ao 30 de xuño de 2007.

Adxudícase o servizo a Raúl Armando Güimil Gil, por un importe de 3.000 euros/mes.

9.- Adxudicación de Asistencia técnica para a dirección media e a coordinación de seguridade e saúde das obras de acondicionamento da PRAZA DE CERVANTES e entorno.

Apróbase a contratación do arquitecto técnico Luis Ponte Lavandeira, como director de Obra e responsable da coordinación de seguridade e saúde da execución do proxecto de acondicionamento da praza de Cervantes e entorno, por un prezo de 7.496 euros.

10.- Adxudicación de Asistencia técnica para a dirección facultativa superior das obras de acondicionamento da PRAZA DE CERVANTES e entorno.

Apróbase a contratación dos arquitectos Javier Franco e Vicente Pintos, SL, como directores de Obra da execución do proxecto de acondicionamento da praza de Cervantes e entorno, por un prezo de 5.757 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Alumeado relativa á prórroga do contrato para o mantemento de instalacións de iluminación pública e instalacións eléctricas das dependencias municipais ata o 1 de abril de 2007.

Apróbase a prórroga do contrato suscrito con DAVIÑA.

12 a 27.- Expediente TXI/160/2006 - Proposta do concelleiro delegado de Facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais.

Concéndense varias solicitudes de bonificación.

28.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas pola sumministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concéndense 27 exencións.

29.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para o Programa de Educación Familiar, e aprobación da aportación do Concello.

Apróbase solicitar unha subvención por importe de 25.232,79 euros; así mesmo, apróbase a achega do Concello nun 30% do custo total do programa, que supón a cantidade de 10.814 euros.

30.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude á Xunta de Galicia dunha subvención destinada á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

Acórdase a solicitude de 3.045.222 euros para a devandita prestación.

31.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á incorporación á Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

Apróbase solicitar a renovación da inscrición do Teatro Principal dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do IGAEM.

32.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á selección definitiva de edificio para o programa de edificios tutelados.

Acórdase a selección definitiva dun edificio situado na Rúa do Medio, 65, e a remisión á Comisión Executiva do Consorcio de Santiago da proposta da axuda para a actuación no edificio.

33.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á solicitude da compra da participación do Concello de Santiago (65'52%) na parcela R-2 do Proxecto de compensación do polígono 2 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes.

Considérase como válida a aceptación de RUA FER S. A. da oferta formulada polo Concello de Santiago para a compra, polo prezo de 1.842.530 euros, da devandita participación. Acórdase requirir a RUA FER o pagamento do prezo da parcela e a formalización da fianza.

34.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á solicitude da compra da participación do Concello de Santiago (16'60%) na parcela R-6 do Proxecto de compensación do polígono 4 do Plan parcial de Fontiñas.

Considérase como válida a aceptación de URBIGAL UNO S.L. da oferta do Concello de Santiago para a compra, polo prezo de 342.495 euros, da devandita participación. Acórdase requirir a URBIGAL UNO o pagamento do prezo da parcela e a formalización da fianza.

37.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto complementario de alimentación exterior eléctrica no SUP-6 e SUNP-22.

Apróbese inicialmente o devandito proxecto complementario, presentado por Emuvissa o 17 de novembro de 2006, e o seu somentemento a información pública.

URXENCIAS

1.- Aprobación da inscrición da empresa HERMANOS CONDE RIVERA, SL, no Rexistro Técnico de Rehabilitación.

2.- Aprobación inicial de axudas para a rehabilitación de elementos especiais de madeira.

3.- Aprobación da inclusión da oficina da Concellaría de Promoción Económica como socio fundador da asociación "Rede de Entidades para o Desenvolvemento Local".

5.- Aprobación das bases de subvencións para actividades das asociacións veciñais de Santiago para o ano 2007.

6.- Aprobación da contratación de educador/a familiar para o desenvolvemento do Plan Nacional Xitano.